

1º PROPOSTAS para a semana do 15 ao 19 de xuño e RECOMENDACIÓNNS para o VERÁN

Déixovos aquí propostas para esta semana e para o verán, **son voluntarias**, xa non tendes que entregar nada máis.

Agora toca descansar e pasalo moi, moi ben, pero seguro que haberá tempo para todo, e é importante que reforcen un pouco o aprendido neste curso, sobre todo na lectoescritura, para empezar fortes o próximo.

Non teñen que traballar todos os días, estamos de vacacións, o único que hai que facer **todos os días é ler**.

CIENCIAS: PROXECTO VOLUNTARIO “CHEGA O VERÁN”

Podedes facer un pequeno proxecto sobre o verán: (libriño con portada, índice e cada unha das preguntas propostas en cada páxina), ou simplemente podedes aproveitalo para traballar a expresión oral e falar cos vosos fillos sobre estes temas, e disfrutar dos xogos.

XOGOS CON AUGA

BÚSQUEDA DE TESOUROS DO VERÁN NA NATUREZA

MATEMÁTICAS: Las matemáticas están a nuestro alrededor y hay que aprovecharlas, practicad mates jugando y experimentando. Aquí os dejo algunos juegos y sugerencias:

- Estimulad el uso del dinero en actividades de la vida real (ej. quiero comprar este objeto, cuánto me cuesta?, cuánto tengo? Me llega? cuánto me sobra?, o cuánto me falta?).
- JUEGO CON MONEDAS: Yo tengo..., quién tiene... Juego cooperativo, que se juega como un dominó: no hay ganador.
- Juegos con baraja española: Gira las cartas: un juego para multiplicar (en vez de multiplicar, podéis sumar,
- Cálculo mental con cartas, Juego de cartas: el 20-20
- Y otros juegos conocidos como: el cinquillo, el 7 y medio, el burro, la guerra, etc., incluso la escoba. Más juegos y otros más
- Juego de parchís o oca con 2 dados (es más rápido y practican sumas)
- Juegos de dados (tirar 2 dados y a ver quien llega antes a 100 puntos. (este ya lo conocíais)
- Y seguid midiendo, pesando, comparando volúmenes, etc.
- Aprovechad para contar, sumar en todo lo que podáis en la vida diaria, escaleras, galletas, caramelos,
- Enseñadles a ver la hora en el reloj, el tiempo que falta para algo (días, minutos, horas, etc)
- También podéis repasar las propuestas semanales de estos meses.

EXPRESIÓN E COMPRENSIÓN ORAL: Hai que aproveitar ese tempo que temos cos nosos fillos para falar con eles, para preguntaralles que pensan sobre certos temas e estimular así a formación do seu pensamento de xeito crítico e reflexivo. Non se trata de forzar conversas, senón de aproveitar feitos (por exemplo, o que vemos e vivimos día a día, os informativos, os contos que lemos xuntos, os proxectos...)

ESCRITURA: Non deben esquecer a escritura, se facedes o proxecto do **Verán** ou da **Volta ao mundo en ...días** non sería necesario facer diario. Tamén poden escribir a lista da compra. (Procurade alternar galego e castelán)

LECTURA: CONTO en familia. Deben ler un pouco **todos os días**, como fonte de deleite e de lecer. Tendes contos virtuais na páxina web, nas recomendacións da aula e tamén en Librincios <http://librincios.blogspot.com/> Pero sempre é mellor que lean en papel, contos físicos. Aquí vos deixo algúns virtuais: **NADARÍN** **COMO SE LLENA UN CORAZÓN** **ME LLAMO PAZ**

(Paciencia co ritmo de lectura dos vossos fillos/as, evitade corrixilos en exceso, e lembrade que o importante é que entendan o que len, non a velocidade lectora).

MÁIS XOGOS:

XOGOS CON AUGA [LA BÚSQUEDA DEL TESORO 1](#) [LA BÚSQUEDA DEL TESORO 2](#) (tamén podedes inventalas vós, con pistas que teñan que ler)

BLOQUE DA AULA DE APOIO: a profe Carmen proponvos actividades divertidas no seu blogue. Visitádeo Xogos Vedoque, mundo primaria, IXL, e outros da banda dereita do blogue do 1º CICLO, e xogade moito, moito en familia. Visitade os blogues dos especialistas.

DESTREZAS E HABILIDADES: Podedes aproveitar o verán para aprender destrezas que non teñan adquiridas como atar os cordóns, nadar, andar en bici, etc.

Actividades do blogue de 2º: Nas actividades propostas para 2º pola profe Naty hai moitas, moi interesantes e adecuadas tamén para este nivel, que seguro que vos van gustar, botádelle un vistazo. [TECEDORES DE SORRISOS](#)

- **i Soy genial !**
- **Detective matemático 2**
- **Onde está Antonio ?** Con pistas para resolver
- **Lanza el dado y cuenta un cuento**
- **Juegos con agua**

*Dedicade uns minutos a ver con eles os seus traballos de aula e **valorade sempre en positivo o seu traballo**. Que xoguen moito ao aire libre, poden seguir facendo os experimentos que non lles deu tempo, e que fagan un uso razonable dos medios tecnolóxicos.*